

ACTA DE PRESENZA

Perante nós, Carlos Varela García, Fiscal Superior de Galicia e Xosé Luís Franco Grande, académico da Real Academia Galega, **COMPARECEN** as persoas que asinan ao pé deste documento, convocados pola **ASOCIACIÓN DE FUNCIONARIOS PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DE GALICIA** e a **ENTIDADE LOCAL DE MORGADÁNS**, para participaren na iniciativa **“EN GALEGO, AGORA E SEMPRE”**, unha proposta para reafirmar a galegitude fronte un dos momentos máis transcendentales da vida, o da morte, e asemade, transmitirllas aos seus herdeiros a manda de protección do legado cultural e lingüístico de Galicia.

Todos eles queren deixar constancia neste acto da súa reafirmación na defensa da lingua galega naqueles aspectos que afectan ao seu ámbito de decisións persoais, expresando literalmente a súa vontade neste teor:

Entendendo que a normalización lingüística debe abranxer todos os eidos da existencia dos galegos e galegas, mesmo aqueles que arrodean o intre da extinción da persoa; que o exercicio da galegitude e o noso compromiso individual ou colectivo coa Terra e a Lingua debe ser continuado e sen desfalecemento durante toda a vida; que sendo conscientes da enorme perda de identidade cultural e histórica, incluso das contradicións e incongruencias que acontecen en todo o relacionado cos actos fúnebres, onde paradoxicamente a persoa desaparecida semella

renegar de todo aquilo canto defendeu, empregou e aproveitou en vida como é o caso da lingua nai, manifestamos o seguinte:

PRIMEIRO.- Que a lingua galega é a nosa lingua, a lingua do pobo ao que consideramos pertencer e a lingua que queremos nos acompañe ata a morte.

SEGUNDO.- Que chegada a hora do pasamento queremos que todo o relativo ao funeral e enterro se realice exclusivamente en lingua galega, e polo tanto, pedímoslles as nosas familias, ás autoridades relixiosas e civís e aos servizos funerarios que fagan en lingua galega canto teñan que facer, público ou privado, oral ou escrito.

TERCEIRO.- Que se terceiras persoas, familiares ou autoridades relixiosas e civís, tentasen impedir a realización desta nosa manda, pedimos a calquera outro familiar, ou amigo que tiver coñecemento deste noso desexo que tome as medidas necesarias para facelo cumprir e, en caso de absoluta imposibilidade, faga que o enterro se realice en silencio.

CUARTO.- Queremos que os nosos fillos reciban como herdo o patrimonio cultural que nos legaron os avós e pais e llelo transmitan aos seus para que deste xeito perviva para sempre nas xeracións vindeiras, respectándoo e defendéndoo ante as adversidades que o puidesen ameazar.